

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, OS **CONCELLOS DE PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO E A "UTE XG-814", "UTE XG-817" e "UTE XG-860"**, PARA A IMPLANTACIÓN DUN SERVIZO PILOTO DE TRANSPORTE PÚBLICO OPTIMIZADO EN 3 MUNICIPIOS RETO DEMOGRÁFICO (PORTAS, MORAÑA E CAMPO LAMEIRO) DENTRO DO PROXECTO **"+ MOBE: MOBILIDADE RURAL, SOSTIBLE E INCLUSIVA EN PONTEVEDRA"**.

### 1. Antecedentes

O Convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación Provincial de Pontevedra, os Concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro, e a "UTE XG-814", "UTE XG-817" e "UTE XG-860", iniciase coa finalidade de dar cumprimento aos obxectivos do proxecto denominado «+MOBE: *Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra*», dirixido a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia mediante a posta en marcha de novos servizos de transporte público que conecten os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro coa cidade de Pontevedra, conforme a un modelo sostible, eficiente e inclusivo.

### 2. Obxecto

O convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación dun servizo piloto de transporte público optimizado en 3 municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), dentro do proxecto «+MOBE: *Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra*», coas características recollidas no Anexo I do Convenio, e a súa integración no sistema de transporte público de Galicia.

### 3. Finalidade e xustificación

O convenio ten por finalidade establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para a implantación dun servizo piloto de transporte





público optimizado en 3 municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), dentro do proxecto «+MOBE: *Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra*».

A Deputación Provincial de Pontevedra presentou unha solicitude de subvención para dito proxecto, dirixido a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia mediante a posta en marcha de novos servizos de transporte público que conecten os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro coa cidade de Pontevedra, conforme a un modelo sostible, eficiente e inclusivo.

Este proxecto foi presentado ao abeiro da Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a financiar proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, e da súa correspondente convocatoria publicada mediante Extracto da Orde do 27 de xuño de 2024.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico resolveu conceder á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención por importe de 500.000 euros, sobre un investimento total de 555.555,55 euros, no marco da convocatoria de 2024, destinada a entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento.

Así, coa fin de dar cumprimento aos obxectivos do proxecto e garantir a súa adecuada execución, se prevé a configuración dun servizo piloto de transporte público optimizado en tres municipios reto demográfico (Portas, Moraña e Campo Lameiro), de carácter temporal, dirixido especificamente a mellorar a mobilidade nas zonas rurais da provincia, dentro do proxecto «+MOBE: *Mobilidade Rural, Sostible e Inclusiva en Pontevedra*».

Os concellos de Portas, Moraña e Campo Lameiro como xestores dos intereses xerais dos seus veciños e promotores de servizos públicos da máis variada índole, manteñen interese en facilitar que a poboación residente en ditos concellos dispoñan dun medio alternativo de mobilidade, de carácter



colectivo, que contribúa a reducir a dependencia do vehículo particular, reducindo o seu impacto ambiental.

A Deputación Provincial de Pontevedra ten competencias propias para prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión, de acordo co disposto no artigo 109 da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia e no artigo 36 da Lei de bases do réxime local.

No marco destas competencias, a Deputación subscribinte pode promover ou participar en calquera momento en actuación interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público, consonte establece o artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Finalmente, as concesionarias dos contratos de concesión dos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral XG814, XG817 e XG860, ás denominadas "UTE XG-814", "UTE XG-817" e "UTE XG-860", poden formalizar convenios de colaboración con terceiros, coa conformidade da Administración, así como implantar novos servizos pola súa propia iniciativa. No presente caso, e a través do convenio que se promove, implantarase un novo servizo que mellorará a oferta que se ofrece ás persoas usuarias, mellorando as posibilidades de mobilidade, polo que os ditos servizos presentan melloras globais que xustifican a súa inclusión na oferta das concesións, na indicada condición de oferta por iniciativa da concesionaria.

#### 4. Aspectos económicos

A ampliación da prestación de servizos non suporá un incremento do custo que asume a Administración autonómica, asumindo a Deputación Provincial de Pontevedra o compromiso de aboar ás empresas prestatarias dos servizos os custos de explotación, nos termos concertados entre as partes e recollidos no convenio.

Así mesmo, os concellos asinantes garanten o pagamento dos importes comprometidos pola dita deputación no convenio de colaboración





atendendo á ponderación do custo do servizo de cada liña sobre o custe total comprometido pola deputación.

Ademais a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá o custo da instalación, adecuación e mantemento dos puntos de parada que se consideren necesarios para a correcta prestación dos servizos obxecto deste convenio.

En canto á integración tarifaria, non se establece sistema tarifario aplicable aos servizos obxecto do citado convenio, por canto o servizo estará subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra, asumindo esta o custo íntegro da súa prestación. O servizo terá carácter plenamente gratuíto e non suporá custo ningún para as persoas usuarias.

A Deputación Provincial de Pontevedra asume o importe do custo de explotación do servizo, neste sentido, incorpórase no Anexo III a totalidade das achegas que lle corresponde efectuar. O importe desta achega é o do seguinte cadro:

EXERCICIO (*)	MESES CONVENIO	IMPORTE TOTAL
2026	10	265.285,84 €
2027	8	212.228,67€
Total	18	477.514,51 €

(\*) dende o 1 de marzo de 2026 ao 31 de decembro de 2026 e dende o 1 de xaneiro de 2027 ao 31 de agosto de 2027

A Xefa do Servizo de Coordinación dos Plans de Transporte

Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez

Conforme:

A directora Xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

